



Estimados pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas deste centro.

Axúntaselles o **Proxecto de Xornada Única de Mañá** que a Comunidade Educativa deste centro pretende implantar para o vindeiro curso 2015_2016.

Dende hai varios cursos académicos, a dirección do centro recibiu peticións varias sobre a posibilidade de facer un proxecto de cambio de horario. En cursos anteriores non foi posible por incompatibilidade do transporte escolar. **Este ano logrouse un horario factible.**

Durante o primeiro trimestre e parte do segundo redactouse o proxecto que hoxe se lles envía para o seu coñecemento.

Ata este momento os requisitos alcanzados foron:

- Acordo favorable do Claustro de Profesores.
- Acordo favorable do Consello Escolar.
- Informe favorable de Servizos Complementarios (Transporte Escolar).

Para **finalizar** o proceso de Xornada Única falta o referendo dos pais, nais ou titores legais dos alumnos e alumnas deste centro. Este terá lugar neste Centro Educativa nunha data a concretar no mes de abril. Será nunha mesa electoral constituída polo director do centro e dous pais ou nais designados por sorteo público.

Con **suficiente antelación**, serán convocados polos titores e titoras dos seus fillos e fillas a unha reunión informativa sobre o tema, na que poderán facer todas as preguntas que crean necesarias e aclarar as dúbidas.

Un cordial saúdo

A dirección